

A Peneira do Val Miñor

BAIONA : GONDOMAR : NIGRÁN

PUBLICACIÓN MENSUAL - 1€

Nº 4 - XULLO 2008



Gondomar

Inaugurado o Paseo Carlos Casares e a escultura A Galiña Azul en Gondomar

Páxina 3

Gondomar

A.A.D. Vincios ascende a Superdivisión Masculina de Tenis de Mesa

Páxina 4



Baiona

O PSOE pide o acceso aos veciños do casco vello de Baiona pola porta da Vila

Páxina 6

Nigrán

Nigrán controla dende o concello o funcionamento da rede de sumidoiros

Levou a cabo o acto de recepción da obra "actuacións de emerxencia para mellora de bombeos na rede de saneamento e do emisario submarino no Concello de Nigrán (Pontevedra)", valoradas en 861.235,86 euros. A maiores, o goberno Municipal xestionou con augas de Galicia a instalación dun terminal no concello que lles permitirá ós operarios municipais acceder a este sistema.


Páxina 7

Nigrán

300.000 € de Traballo para a contratación de persoal

☐ Incorporaranse 25 novos traballadores á plantilla do concello

Páxina 6



Páxina 3

Gondomar

O IES Terra de Turonio gaña un proxecto didáctico sobre os cabalos en liberdade

O Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas decidiu seleccionar como único centro de ensino secundario ao proxecto presentado polo IES Terra de Turonio de Gondomar. O proxecto Ceibes no monte contará coa colaboración da ANPA do centro, da Mancomunidade de Montes do Val Miñor, das asociacións de propietarios de cabalos e das comisións organizadoras dos curros.

Páxina 4



Gondomar

A posta en valor do conxunto arqueolóxico de Outeiro dos Lameiros custará 141.072,47 euros

☐ É unha iniciativa da comunidade d Montes de Santa Cristina da Ramallosa que se sufragará con cargo ao Proder

Páxina 7



Editorial

Informarse, reflexionar e logo actuar

Non sempre resulta claro que postura debemos adoptar cando entendemos estar sendo ninguneados ou desprezados polos poderes públicos.

Resulta máis fácil deixarse levar pola emoción, os sentimentos ou polo "se van todos eu tamén vou". É obvio que as autoridades políticas, sobre todo, non sempre están a altura das circunstancias. Na maioría das veces prefiren defender o indefendible con tal de non

molestar o seu xefe superior; non vaia a ser que pasen a formar parte desde exercito de incómodos co Poder que saben lles van cortar a cabeza tan pronto se presente a oportunidade.

Se embargo temos que ser máis serios, os políticos e tamén nós, os cidadáns.

Cando somos convidados a manifestar a nosa repulsa contra o que fan ou deixan de facer os políticos de turno de-

Temos que ser máis serios, os políticos e tamén nós, os cidadáns

bemos ser máis reflexivos. Informémos nos antes se de verdade o político candidato a ser vilipendiado é ou non é o responsable; informémonos a través de distintas fontes de información. Unha

sola sería sempre tendenciosa. Logo, se chegamos a conclusión de que, efectivamente, o político en cuestión é culpable ou responsable, vaíamos con tódalas consecuencias.

Pero non famamos o ridículo cando nos convocan e logo comprobamos que non asisten nin sequera os convocantes. Pode ocorrer; xa ten coorrido e volverá a ocorrer se non somos máis sensatos e precavidos.



A represión franquista sobre o maxisterio miñorano

Carlos Méixome*

Teño entre as miñas mans o magnífico ensaio de Anxo Serafín Porto Ucha, "Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo" (Edicións Alén Miño, 2008), continuador doutro excelente traballo seu "Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo" (Edicións Alén Miño, 2003). Porto Ucha agasállanos con dous traballos que nos achegan a aquel maxisterio republicano degolado polo franquismo. Mestres e mestras asasinados (quen non lembra a impresionante estampa do "Galiza mártir" de Castela baixo a lenda de "A derradeira lección do mestre"), fuxidos, exiliados, encarcerados, expulsados do corpo, definitiva ou temporalmente, trasladados das súas escoles e o que Porto Ucha define como:

"... distintas formas de "exilio interior", dos distintos "exilios interiores": o cárcere, a clandestinidade política, os traslados, o silencio e o olvido, o rexeitamento dos demais, o desengano, a culpabilidade, a espera, a penuria económica, a non

posibilidade de acceso á escola, o exilio dos amigos, da cultura, a negación da escrita, o exilio da familia, ou incluso a non renuncia a vivir os acontecementos, a pesar do amordazamento ao que se está sometido, a desinformación, etc..."

No Miñor a represión sobre os mestres e mestras tamén foi intensa. É coñecido, xa falamos na Chan de Val Verde nunha ocasión (ver "A escola fusilada" A Peneira Vigo, xuño, 2006), o trágico caso do mestre de Nigrán José Vázquez Grela, asasinado o 12 de setembro de 1936.

Uns días antes, o martes primeiro de setembro de 1936 El Pueblo Gallego recollía do Boletín Oficial da Provincia a relación de mestres e mestras suspendidos dos seus cargos que fora publicada o día anterior. Na mesma, na que non estaba Vázquez Grela, figuraban os mestres e mestras miñoranos seguintes aos que engadimos as sancións segundo o estudo de Porto Ucha

No concello de Gondomar: José Cribeiro González, Donas; separado do servizo e dado de baixa no escalafón en 1941. Cri-

beiro presidira a comisión xestora do concello de Gondomar entre abril e maio de 1931 e era un destacado dirixente da FETE-UGT e do agrarismo. De Cribeiro e Folgar xa temos falado nesta Chan de Val Verde (ver "O Rabioso e os mestres", A Peneira Vigo, xullo 2007)

Joaquín Ferrandiz Fernández, Prado; Luciano Folgar Monteagudo, Chain; Julián Gómez Martín, Donas; Prudencio Figueiroa Vila, de Vincios foron sancionados con suspensión de emprego e soldo (uns catro anos), traslado dentro da provincia (dous ou tres anos) e inhabilitación para cargos directivos.

Tamén foron suspendidos temporalmente Juan Antonio Ambrós Rodríguez de Couso e Gloria Barbazán de Peiteiros. Así mesmo, aínda que non figuran na listaxe citada, Rogelio Granja Valverde, mestre de Mañufe, con suspensión temporal e traslado dentro da provincia e Victoriano Taibo García, mestre de Morgadán. Este último foi suspendido por máis tempo que o anterior e trasladado, por catro anos, fóra de rexión, a Valla-

dolid. Seica era este o castigo para os relacionados co galeguismo.

No concello de Nigrán, José Pierres Castellanos, mestre de Priegue, por "militancia en organizacións afectas á República, actitudes contrarias á Causa Nacional, ideoloxía/simpatía de esquerdas e irrelixiosidade" foi suspendido inicialmente con separación do servizo e baixa no escalafón, aínda que posteriormente a sanción foi máis "sua-

ve". Mentres que no de Baiona, Amando Rodríguez Rodríguez, mestre de Baredo, e Benito Ramallo Gómez, de Baiona, foron separados do corpo e dados de baixa no escalafón. Os cargos contra Benito Ramallo eran: "militancia en organizacións afectas á República, actitudes contrarias á Causa Nacional, ideoloxía/simpatía de esquerdas e irrelixiosidade/ateísmo e planxamentos pedagóxicos inaceptábeis". Neste caso o prof. Ucha recolle unha cita de Morente Valero en "La depuración franquista del magisterio público. La depuración del Magisterio Espa-

ñol (1936-1943)" que di: "este fue el caso de B.R.G. (maestro de Baiona-Pontevedra, quien "en el casino de la Villa (...) negó su filiación española" (subrayado en el original) lo que la comisión superior considero que constituía un hecho de características "monstruosas" y merecedor por si solo de la separación del servicio, como en efecto ocurrió."

A mestra de Baíña, María Aguiar Piñeiro, tivo unha forte sanción: suspensión de emprego e soldo (dous anos), traslado fóra da provincia (cinco anos) e inhabilitación para cargos directivos. Tamén foi suspendido Julián Carrascal Luengo, mestre de Santa Cristina da Ramallosa.

Uns días antes, o martes primeiro de setembro de 1936 El Pueblo Gallego recollía do Boletín Oficial da Provincia a relación de mestres e mestras suspendidos dos seus cargos que fora publicada o día anterior.

NUMERO 1 SEPTIEMBRE DE 1936 PAGINA 10 EL PUEBLO GALLEGO

POR EL PORVENIR DE LA PATRIA

Maestros de la provincia de Pontevedra que fueron suspendidos en sus cargos

Señores don: Onelio Martín March, de la preparatoria del Instituto de Pontevedra.	Francisco Domínguez Niza, de Oya.	Mercedes Vidal Gallego, de Nigrán (Vigo).	Mariano Forno Ballester, de Nigrán (Lalín).	Carmen Utero, de Guitán (Moa).	Carlos Pereira, profesor en Redondela.
Luis Adrián Maza del Real	Enrique Álvarez Arias, de la Ordeñada de Perillo.	Armando Rodríguez Rodríguez, de Barcos (Baiona).	Juan Pita Suárez, de Vilanova (Lalín).	Benito Sanmartín Nogas, de Nigrán.	Marcos Vidal, de Tumbal (Moa).

Director: Guillermo Rodríguez Fdez. Coordinadora: María Díaz. Edita: A Peneira Condado S.A. Enderezo: Sarmiento Rivera, 17. Tel e Fax: 986 66 09 86 // 36.860 PONTEAREAS (Galiza) Publicidade: Fran, Modesto e Departamento propio - Montaxe e deseño: Manrique Fdez. e Diego Giráldez Impresión: Tameiga Publicacións /Mos - Tlf: 986 48 74 80 - Depósito Legal: OR/57/84

O Concello de Gondomar rexeita a nova Vía de Alta Capacidade que o unirá con Tomiño

Esta infraestrutura conlevaría tamén unha circunvalación que partiría do concello e podería afectar a medio centenar de familiar do municipio segundo os aálculos do goberno municipal

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

“Un disparate”, así define o alcalde de Gondomar, Antonio Araúxo, as novas infraestruturas que a consellería de Política Territorial quere construír no Val Miñor dentro do Plan Viario Integral da Área de Vigo. Trátase dunha Vía de Alta Capacidade con características de autovía que pretende conectar o municipio con Tomiño e unha circunvalación que nacería no centro do municipio para desenvocar na autoestrada. “Onde está logo a circunvalación?”, pregúntase o alcalde.

Para levar adiante a proposta da circunvalación, apuntan desde o concello, “será preciso derrubar varias vivendas, algunhas delas dun imortante interese constructivo e de antigüidade, elimina parte do igrexario, divide en dous o barrio do Adro e pásalle por riba á histórica Fonte de San Bieito. A Casa reitoral e a propia igrexa de San Bieito quedarían gravemente afectadas e tamén atravesada polo medio a urbanización do polígono 18”. Segundo os planos dos que dispón o concello, e o que definen como “a guinda”, é que esta circunvalación pasaría tamén por riba da Galescola, aínda sen es-



A corporación durante a roda de prensa.

trear e polo cuartel da Guarda Civil.

Esto é resultado, asegura o alcalde, de que a consellería utiliza cartografía sen actualizar, o que provoca importantes afectacións. O mesmo sucede no caso da Vía de Alta Capacidade prevista, “que estraga máis de dez

núcleos rurais en Chaín, Vilaza, Morgadáns, Pitieiros ou Couso”.

Por todo isto o goberno municipal pide a retirada deste proxecto e propón como alternativa mellorar o viario existente, tanto no que se refire ás esradas de propiedade da Xunta de Galicia

como as municipais ou as da Deputación, comezando por facer útil interiormente a Autoestrada do Val Miñor e libre de peaxe. “Esta sí era a circunvalación que precisamos”, aseguran, porque a que plantexa a Xunta “traerá aínda máis tráfico a Gondomar e impedirá a orde-

nación do territorio na que estamos a traballar”.

Reunións veciñais

Desde o concello faranse reunións sectoriais cos veciños das zonas afectadas para informalos “e para que esta problemática non os atope desprevenidos”.



Nenos xogando ao redor da escultura.

Inaugurado o Paseo Carlos Casares e a escultura A Galiña Azul en Gondomar

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

O pasado sábado, 17 de maio, Día das Letras Galegas quedou inaugurado o paseo Carlos Casares en Gondomar. A viúva do escritor e presidenta da Fundación Carlos Casares, Cristina Berg, asistiu, xunto ao alcalde de Gondomar, Antonio Araúxo, ao acto de homenaxe. Cumpriuse así un acordo plenario a unha iniciativa do Instituto de Estudos Miñomanos de poñer o nome do escritor ao paseo que bordea o parque da Coelleira á beira do río Miñor. Despois de descubrir as dúas placas de bronce que indican o comezo e o final do paseo deseñadas por Alfonso Soliño Troncoso, procedeuse á inauguración dunha

escultura inspirada nun dos primeiros textos de literatura infantil galega “A Galiña Azul”, publicado en 1968, e con varias reedicións posteriores. Estamos pois no corenta aniversario da súa publicación.

A escultura é tamén obra de Alfonso Soliño Troncoso, arquitecto técnico e membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñomanos. Está realizada en aceiro cortén, madeira e aceiro inoxidable, mide dous metros de alto e 1,60 de ancho, mentres que os ovos son caixas prismáticas de aceiro cortén que conteñen no seu interior pedras de cores. Trátase polo tanto dunha obra conceptual que emprega tamén a técnica do inacabado. A Ga-

liña ten o seu corpo orientado cara a Vilarinho, onde está a casa de Casares, e a cabeza cara a Nigrán, onde, no cemiterio de San Fiz, está soterrado o noso escritor. A obra escultórica foi posible grazas tanto ao desinteresado traballo do escultor como á colaboración de tres empresas de Gondomar: Granitos Vincios (GRAVÍN SA), Materiais de Construción José Quintas e a empresa de mobles de cocina e baño Hermanos Sánchez Blanco SA que xenerosamente sufragaron os gastos. Despois das palabras do alcalde, Antonio Araúxo, e de Cristina Berg a Banda de Música de Vincios puxo o peche ao acto coa interpretación do himno galego.

O pleno de Gondomar rexeita recuperar o PXOM do 2006

REDACCIÓN/ GONDOMAR

O pleno de Gondomar rexeitou cos votos do BNG e do PSdeG-PSOE unha moción de urxencia presentada polo Partido Popular para recuperar o Plan Xeral que a corporación anulou o ano pasado por estar baixo sospeita de corrupción tras a detención dos edís José Luis Mosquera e Alejandro Gómez. Carlos Silva presentou a proposta de rescatar o PXOM do 2006 fose da orde do día e estivo a piques de ser aprobada porque o portavoz socialista, Alfonso De Lis Fiuza, anunciou que ían votar a favor. Non o fixeron así, sen embargo.

Pola súa banda, o goberno nacionalista que goberna en minoría o concello de Gondomar, mantén a súa intención de encargar unha nova planeación urbanística e xa aprobou por decreto o prego de condicións para contratar a súa redacción mediante un concurso público, segundo informou o alcalde, Antonio Araúxo durante a celebración do pleno. Todos os grupos coinciden en que este documento é imprescindible para Gondomar.

O IES Terra de Turonio gaña un proxecto didáctico sobre os cabalos en liberdade

Ceibes no Monte é o título do proxecto presentado á sexta edición dos premios da Fundación Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

Reunido hai uns días no Museo do Pobo Galego, o xurado da sexta edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas decidiu seleccionar como único centro de ensino secundario ao proxecto presentado polo IES Terra de Turonio de Gondomar.

O premio que lembra a figura do sobranceiro etnógrafo e profesor natural de Cotobade procura impulsar proxectos de investigación e coñecemento do patrimonio cultural desenvolvidos dende as escolas e institutos e que integren a toda a comunidade educativa.

O proxecto contempla unha ampla participación da comunidade educativa e social do centro onde a presenza dos cabalos en liberdade constitúe unha longa tradición

O Xurado, formado polo Director Xeral de Patrimonio Felipe Arias Vilas, Mar Linares representando á Fundación Caixa Galicia, Verónica Rego pola Fundación Caixanova, Luciano García Alén pola Fundación Antonio Fraguas e Clodio González Pérez en repre-



O proxecto Ceibes no monte contará coa colaboración da ANPA do centro, entre outras entidades.

sentación do Museo do Pobo Galego, decidiu por unanimidade seleccionar na modalidade de Ensino primario o proxecto As adiviñas na fala viva do CEIPA Cristina de Carballo e, en Ensino secundario, a proposta do IES Terra de Turonio de Gondomar, Ceibes no monte.

A iniciativa da Fundación Antonio Fraguas está patrocinada pola Consellería de Cultura e Deporte e as Fundacións Caixa Galicia e Caixanova. A dotación de dez mil euros en cadansúa modalidade, aportada polas entidades patrocinado-

ras, destinarase a desenvolver os proxectos seleccionados ao longo do próximo curso lectivo.

O proxecto Ceibes no monte contará coa colaboración da ANPA do centro, da Mancomunidade de Montes do Val Miñor, das asociacións de propietarios de cabalos e das comisións organizadoras dos cursos. O traballo co patrimonio cultural galego-portugués vén sendo unha das liñas educativas que o IES Terra de Turonio aborda en cada curso escolar desde que no ano 2004 se constituíu como un dos

centros promotores da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués. Ceibes no monte é un proxecto didáctico que contempla unha ampla participación da comunidade educativa e social do entorno do centro onde a presenza dos cabalos en liberdade constitúe unha actividade social de longa tradición. A importancia cultural desta manifestación fixo que fose incluída como unha das de maior excelencia no dossier presentado na Unesco sobre o patrimonio inmaterial galego-portugués.

A Asociación Deportiva Vincios ascendeu a Superdivisión Masculina de Tenis de Mesa

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

O club Agrupación Deportiva Vincios de Tenis de Mesa de Gondomar, pecha a tempada 2007-2008, facendo historia, pois unha semana despois de conseguir por primeira vez o Campionato Galego Absoluto de equipos masculinos, a Federación Española comunica que o producirse a renuncia de Gabitec T.M. de Ceuta na Superdivisión, o equipo de A.D. Vincios / Espacio Vital que ocupou a 3ª praza na fase de ascenso disputada en Mala-

ga, consegue o ascenso a máxima categoría do Tenis de Mesa español, donde estará outro equipo galego o Arteal de Santiago.

O equipo gondomareño formado por Andrei Mouzykine, Manolo Garcia, Ramon Becerra e Samuel Pereiro, recen ascendidos a División de Honra partían co obxectivo da permanencia, pero despois dunha gran tempada, clasificáronse para disputar a Fase de Ascenso a máxima categoría xunto con Cartama de Malaga

e Falcons de Sabadell que ocuparon as dúas prazas de ascenso directo, pero grazas a victoria diante de Collosa de Valladolid acadaron a 3ª praza que a posteriori foi decisiva para que o xoven club A.D. Vincios con dez anos de historia dentro do tenis de mesa, poida estar a próxima tempada na Superdivisión, na elite do tenis de mesa español.

O club que preside Manuel Pereiro, necesitara un maior presuposto para afrontar o novo proxecto da próxima tem-



Os xogadores xunto ao entrenador (a esquerda).

pada, que vai por unha promoción e traballo coas categorías base, ademais de intentar consolidar a nova categoría, polo

que a procura de máis apoios económicos tanto públicos como privados serán de vital importancia.



Augas de Galicia instala un terminal no concello

Nigrán controla dende o concello o funcionamento da rede de sumidoiros

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

No concello de Nigrán levoouse a cabo o acto de recepción da obra "actuacións de emerxencia para mellora de bombeos na rede de saneamento e do emisario submarino no Concello de Nigrán (Pontevedra)", valoradas en 861.235,86 euros.

Nos últimos meses fóronse poñendo en funcionamento as distintas actuacións que a Dirección Xeral de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente desenvolveu no concello de Nigrán: aumento da capacidade de bombeo, construción de desareadores,

Nos últimos meses fóronse poñendo en funcionamento as distintas actuacións que a Dirección Xeral de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente desenvolveu no concello de Nigrán

acondicionamento do sistema de desinfección por raios ultravioleta da EDAR, instalación de clapeta en aliviadeiro,

instalación do novo colector en Praia América, eparación do emisario submarino ou a instalación de telecontrol

As autoridades municipais xunto con técnicos do organismo autonómico e responsables da empresa executora das obras, revisaron o bo funcionamento das infraestruturas. Especialmente, o Concelleiro de Medio Ambiente, Juan Hermita, recibiu unha explicación de cómo funciona o sistema de telecontrol de bombeos.

Este sistema realizouse mediante estacións remotas que se comunicarán co centro de control ubicado na ETAP de

Condomínguez, vía radio e que permitirán automatizar e controlar as estacións de bombeo e os seus servicios asociados, controlando en todo instante que estas instalacións funcionen correctamente.

A maiores, o goberno Municipal xestionou con augas de Galicia a instalación dun terminal no concello que lles permitirá ós operarios municipais acceder a este sistema e así ter constancia das posibles incidencias que ocorran nestas infraestruturas. Este terminal atópase xa en probas e nos próximos días entrará en funcionamento.

Nigrán celebrou o día de medio ambiente

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

Con motivo do recentemente celebrado día mundial do Medio Ambiente, a concellería de Medio Ambiente do Concello de Nigrán en colaboración co IES Val Miñor e o Centro Comercial "Siglo XXI" de A Ramallosa organizou unhas xornadas de sensibilización medioambiental.

Dende o venres 13 ao domingo 15, no interior do Centro Comercial instalouse unha exposición titulada "Áreas do mar que viaxan no vento". Esta exposición consta de 12 paneis onde se explica a dinámica, función, flora e fauna dos areas do Concello de Nigrán. Asimesmo amósase a evolución dos areas dende a década dos 50 ata a actualidade.

O sábado 14 áun grupo de alumnos de ESO do IES Val Miñor presentaron os resultados do "programa de vixilancia e limpeza da praia". Esta actividade encádrase nun labor de investigación que se ven desenvolvendo nos últimos anos e que ten por obxectivo promover a conciencia pública sobre un problema crecente que é o lixo mariño. Entre os resultados máis sorprendentes deste estudo destaca a significativa cantidade de lixo que contén o mar e os microfragmentos dos residuos que mesmo poden incorporarse á cadea trófica e ser inxeridas polo home.

Actividades deportivas

Nenos de 5 a 13 anos poderán participar no Campus de Verán de Nigrán

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

A Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Nigrán presentou no salón de plenos do concello o II Campus de Verán Carlos Pérez. A presentación estivo arroupada coa presenza ademais do Concelleiro de Cultura e Deportes Xosé Lois Gutiérrez polos ex-xogadores do Celta Couñago e Curriel.

O campus vaise celebrar novamente nas instalacións do campo de fútbol de Vilariño en Nigrán do día 14 o 20 de xullo con horario de 10:00 h. a 18:00 h. de luns a venres e de 10:00 h. a 14:00h. sábado e domingo e é obiramente unha iniciativa apoiada pola Concellería de Cultura e Deportes.

Este campus está orientado a nenos e nenas de 5 a 13 anos,

nel podrán desenvolver e ampliar técnicas deportivas de fútbol, xogos que estimulen a creatividade autoestima e traballo en equipo, talleres de diferentes tipos, hinchables para quepodan saltar, divertirse e realizar xogos, todo elo sempre orientados e dirixidospor técnicos e monitoresespecializados en cada disciplina. Tamén se realizará unha excursión a Balaidos e



Os organizadores do Campus de Verán

o museo do Celta, a comida servírase cun catering cualificado enalimentación infantil.

Ademais habera moitos

agasallos para a rapazada e a diversión combinada co deporte e a creatividade está garantida.

Nigrán recibe 300.000 € de Traballo para a contratación de persoal

A concelleira de Emprego, a Socialista Purificación Leal Docampo, sinala que a xestión e a colaboración coa Xunta de Galicia fará que este mes se incorporen á plantilla de Nigrán 25 persoas en Programas Cooperación e 43 no Obradoiro de Emprego Nigrán II

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Traballo e cofinanciado polo Fondo Social Europeo ven de aprobar a subvención ao Concello de Nigrán de 300.000 € para a contratación de persoal para diferentes programas.

Así o goberno de Nigrán verase beneficiado coa contratación de 11 Socorristas Federados para praias que, xunto cos membros de Protección Civil, encargaranse da vixilancia dos areais de Nigrán durante os meses de verán. Dende o 15 de xuño ao 15 de setembro as praias de Nigrán contarán con este servizo subvencionado ao 100% pola Xunta de Galicia por un importe de 44.711.71€.

Durante os próximos 12 meses o concello de Nigrán disporá duna Brigada de catro persoas para Limpeza e Desbroce, adxunta a Concellería de Parques e Xardíns, tamén financiada pola Consellería de Traballo e o FSE cunha cantidade de 55.621,92€.

Un/unha traballador/a de Técnico/a de Xuventude Ciclo Superior ocupárase de levar a cabo "accións docentes e didácticas na Concellería de Xuventu-

de" durante os próximos nove meses.

Tamén nos próximos nove meses a Concellería de Cultura e Deportes disporá de dúas persoas gracias a contratación, a través dos programas de Cooperación da Consellería de Traballo, dun/ha animador/a sociocultural e un/ha animador/a para actividades físicas, técnico/a de deportes.

Un Ciclo Superior en Turismo levará a cabo o seu traballo en Nigrán nos próximos seis para realizar a obra ou servizo de "Animador/a Turístico" adxunto/a a Concellería de Turismo.

Durante os próximos 12 meses dous ordenanzas serán contratados tamén a través de este programa para traballar no Pavillón de Deportes e no Centro de Información a Muller (CIM).

Catro Peóns, adscritos a Concellería de Obras, serán tamén contratados durante 9 meses subvención e completarán a cuadrilla de Obras que tan boa labor está a facer no ámbito municipal. Por último, un/ha auxiliar administrativo completará estas 25 contratacións que levará a cabo o Concello de Nigrán no

mes de xuño co fin de ofrecer un mellor servizo aos cidadáns e coa complicidade e colaboración da Xunta de Galicia.

É unha responsabilidade dos gobernos municipais e así o plantexamos en Nigrán dende a chegada a Alcaldía e dende a Concellería de Emprego que dirixe a Socialista Purificación Leal Docampo, a necesidade de que a administración local participe en aquelas accións que conleven a formación e sobre todo ao emprego dos nosos veciños. Co apoio da Consellería de Traballo pon en marcha un gran proxecto de emprego co que se contratarán a 25 persoas desempregadas para levar a cabo diferentes obras no Concello de Nigrán. As administracións Locais non poden permanecer ao marxe nun momento no que as perspectivas de emprego están máis estancadas a nivel mundial.

A subvención recibida dende a Consellería de Traballo que cubre o 100% dos gastos de contratación é de 300.000 €, demostrase unha vez máis o compromiso das diferentes administracións co goberno de Nigrán e a capacidade de xestión.



Momento da presentación

160 catamaráns disputan en Nigrán o Campionato do Mundo

REDACCIÓN/ VAL MIÑOR

O Concello de Nigrán, Cai-xanova e o Padroado de Turismo Rías Baixas organizan o Campionato do mundo de catamaranes na disciplina reina, fórmula 18.

160 catamaráns provenientes de todo o mundo atraerán do 5 ao 12 de xuño de 2008 a mil persoas de diversas nacionalidades chegados desde Sudáfrica, Estados Unidos, Holanda, Alemaña, Francia, Porto Rico, Gran Bretaña, Suíza, Dinamarca, Illas Fidxi, a Arxentina, Rusia, Polonia, Australia, Nova Celandia, Canadá, Portugal, Hong Kong.... E así ata completar unha cota de 320 regatistas na máis com-

petitiva proba de catamaranes do mundo onde poderemos encontrarnos a todos os regatistas olímpicos de catamarán como Darren Budok, Mitch Bood, Fernando Echabarry, Gerard Loose...

Campións mundiais e medallistas olímpicos reunídevos en Praia América, a nosa principal praia sobre cuxas augas cristalinas e area branca gozaremos durante 10 días de adestramentos e competición, dunha das regatas máis concorridas e espectaculares do mundo da vela. Durante estes días a localidade de Nigrán será o foco de todas as miradas cun ambiente de competición náutica sen igual.

a imaxe



A delegada provincial da Consellaría de Cultura e Deporte en Pontevedra, María Xesús López Escudeiro, e os concelleiros de deportes de A Guarda, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Tomiño e Vigo na presentación en rolda de prensa das actividades da Festa do Deporte que se desenvolveron o domingo 8 de xuño nos concellos da área de Vigo.

O PSOE pide o acceso aos veciños do casco vello de Baiona pola porta da Vila

As queixas dos veciños do Núcleo Histórico, en relación coas normas de tráfico establecidas para a circulación no interior do mesmo "volven a poñer de manifesto a falta de previsión e abandono do alcalde e o seu equipo de goberno na xestión do municipio", asegura o voceiro socialista.

Denuncia amáis ordenanza de circulación que regula o acceso de vehículos ao Núcleo Histórico foi aprobada de forma totalmente improvisada e cunha absoluta falta de rigor, desatendendo as demandas

de máis de 300 residentes e comerciantes, o que queda de manifesto coa súa entrada en funcionamento, supoñendo non só graves trastornos e inconvenientes para os residentes senón tamén para comerciantes e visitantes.

"Desde o PSOE de Baiona queremos sumarnos ás demandas veciñais e esixir ao Alcalde a que acceda de contado á demanda dos veciños permitindo a saída do Casco Vello a través de Porta dá Vila subsanando o erro comisión con dita prohibición".

A posta en valor do conxunto arqueolóxico de outeiro dos Lameiros custará 141.072,47 euros

É unha iniciativa da comunidade d Montes de Santa Cristina da Ramallosa que se sufragará con cargo ao Proder

CARLOS MÉIXOME/ VAL MIÑOR

O orzamento total desta intervención de posta en valor do conxunto rupestre ascende a 141.072,47 euros. Deste orzamento total a axuda concedida ao proxecto con cargo ao programa europeo PRODER Vigo II é de 115.242,09 euros, achegando ao mesmo a Comunidade de Montes os 25.828,38 euros restantes.

O pasado sábado 21 de xullo quedou rematada e aberta ao público a súa posta en valor. Limpeza das rochas, control das escorrentías, paneis informativos para unha visita autoguiada, plataformas de acceso, consolidación de camiños e un punto informativo permitiran aos visitantes admirar esta importante mostra da arte rupestre.

Por primeira vez en Galicia unha comunidade de montes asumiu directamente un proxecto de posta en valor dun conxunto patrimonial destas dimensións que é tamén unha inversión de futuro no monte en man común. A Comunidade de Montes en Man Común de Santa Cristina da Ramallosa asumiu unha parte do orzamento desta intervención que contou coa axuda do PRODER Vigo II.

No acto inaugural tomaron a palabra o Subdirector de AGADER, Manoel Anxo Escariz Ferrín, a delegada provincial da Consellería de Cultura e Deporte, M^a Xesús López Escudero e o presidente da Comunidade de Montes de Santa Cristina da Ramallosa, Xosé Alfredo Pereira Martínez.

Con posterioridade os asisten-



Un detalle dos restos arqueolóxicos.

tes ao acto fixeron un percorrido polo conxunto de petroglifos guiados polos arqueólogos, membros do Instituto de Estudos Miñoranos, Xosé Lois Vilar Pedreira e Eduardo Méndez Quintas, responsables do proxecto de estudo e restauración.

Despois veu a festa animada polo Grupo de Gaitas da Asociación Cultural A Seneira de Baiona e os regueifeiros Bieito Lobarriñas e

Felipe de Dodro.

Dende 1984

Esta estación de arte rupestre foi descuberta en febreiro de 1984 aumentando así exponencialmente o número de superficies gravadas coñecidas no concello de Baiona.

O conxunto de máis de 20 superficies comprende arte abstracta (círculos concéntricos, coviñas, reti-

país.

No lugar consérvanse os camiños tradicionais, empedrados nalgúns casos, que comunican Baíña, San Cosme, Sabarís e Belesar dos que quedan fondas pegadas nas rodeiras que incluso pasan por riba de varios petroglifos.

O Outeiro dos Lameiros e Os Campos están emprazados a carón da Tomada dos Ineses, propiedade de dúas hectáreas cunha fortísima carga histórica relacionada co golpe militar do 36.

O Outeiro dos Lameiros e Os Campos están emprazados a carón da Tomada dos Ineses, propiedade de dúas hectáreas cunha fortísima carga histórica relacionada co golpe militar do 36

culados...) e arte naturalista en tres rochas con zoomorfos esquemáticos ademais de alfabéticos.

Unha parede vertical do propio Outeiro dos Lameiros con 10x3m contén o mellor conxunto de arte esquemática do noroeste peninsular cuns 60 cuadrúpedes, un estreliforme e figuras abstractas.

Estamos na maior concentración de figuras reticuladas do noso

Atopámonos diante dun espazo fortemente culturizado onde coinciden: a arte rupestre de varias épocas e tipoloxías; a Tomada dos Ineses relacionada co episodio da Volta dos Nove; cruce de camiños tradicionais; monte aproveitado como pasto, canteira, provedor de esturme e como recurso forestal; variedade de topónimos que evidencian o uso continuado deste lugar a 180 metros sobre o nivel do mar:

Toda a información que che interesa

Agora **A Peneira** está máis próxima a ti

A Peneira
do Baixo Miño



Este Xornal faise con papel reciclado

Director: Guillermo Rodríguez Fdez. Edita: EDICIÓN A PENEIRA CONDADO S.A.


Enderezo: Sarmiento Rivera, 17- Tel e Fax: 986 66 09 86 // 36 860 PONTEAREAS (Galiza) Coordinadora: María Díaz

Publicidade: Departamento propio - Montaxe e deseño: María Díaz - Impresión: Tameiga Publicacións /Mos - TIF: 986 48 74 80 - Depósito Legal: OR/57/84

o_apuntamento_

CARLOS MÉIXOME (IEM)

A equilibrio de Fino Lorenzo



O artista miñorán Fino Lorenzo ten ocupado Vigo. Non unha, senón dúas exposicións a un tempo. Na galería Andrés Amor (Velázquez Moreno,7) colga unha magnífica mostra do seu bo facer, xa coñecido, coas acuarelas. Paisaxes do seu espazo vital executadas con todas as liberdades imaxinables. O cotiá, o inmediato, o próximo interpretado polo pracer creador do artista executado coa líquida levedade e fragilidade da acuarela. Sabíamos que Fino Lorenzo era un dos nosos mellores acuarelista, agora confirmámolo.

Mais aquelas persoas que teñan identificado a Fino Lorenzo coa acuarela ou coa ilustración de textos, as súas facetas máis coñecidas, levarán unha grande sorpresa se visitan a enorme, vital e rompedora exposición que mantén aberta na Casa das Artes de Vigo e que autor denominou "Digresións". Aparece outro Fino Lorenzo, abstracto e conceptual que emprega novos soportes e novas técnicas. Réúne nesta gran exposición o seu traballo dos últimos catro anos. Óleos sobre loneta, algodón ou liño cheos de forza cromática; humildes caixas de cartón ou esculturas a xeito de inmóviles móbiles unidos por un único e equilibrado punto de contacto, elaboradas con materiais pobres dende anacos de tubo, tiras de catón ou papel, arames ou varañas de madeira en formas improvisadas como nun só de jazz, do que tanto gusta o artista.

Naceu un novo Fino Lorenzo.

Texto sobre cadro orixinal de fino Lorenzo

PUBLICACIÓNS MÁIS RECENTES



PREZO
12 €




PREZO
12 €



PREZO
20 €



PREZO
12 €




PREZO
20 €

DISPONIBLES EN:

FERROL:	Limiar (R./Venezuela, 33)
MADRID:	Sargadelos (R./ Zurbano, 46)
VIGO:	Andel - Librouro - Mendinho - Seijas
COMPOSTELA:	Couceiro - A palabra perdida - Pedreira
O PORRIÑO:	Aurora - Paz - Recondo

A CORUÑA:	Xiada (Avda. Fisterra, 78)
VILAGARCÍA:	Limiar (R./ Cervantes, 5)
PONTEAREAS:	Nova - Citania
PONTEVEDRA:	Michelena
BARCELONA:	Galería Sargadelos (R./Provenza, 274)
OURENSE:	Torga (R./ da Paz, 12)

 Servimos libros por correo, sen gastos de envío, previo ingreso do prezo do pedido na conta 2080.0435.67.0040111987 a nome de Edicións Alen-Minho S.L. Débese indicar o enderezo postal.

Rúa Sarmiento Rivera, 17 - 36860 Ponteareas
 Tif./Fax: 986 660 986 - editorial@alenminho.com

